

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de agosto de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte de agosto do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artíme, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Non asisten as deputadas *Luisa María Sánchez Méndez e Belén Cachafeiro Anta*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia étrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34134.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de agosto de 2024.

2.34135.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DA CONTORNA DA PRAZA DE ABASTOS DE TUP” (Expte.2024021693)

Retírase da orde do día expediente relativo á “*Concesión de subvención ao Concello de Tui ao abeiro do Plan + Provincia 2024 Liña 1-Investmentos, co obxecto do financiamento do investimento “Reforma da contorna da praza de abastos de Tui” (Expte.2024021693)*”



3.34136.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS, PARA LEVAR A CABO PARTE DA ACTUACIÓN 2 “TRABAJOS DE RENATURALIZACIÓN EN LAS RIBERAS DE LOS RÍOS.”, DO “PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO-PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (Expte.2024018691)

Retírase da orde do día expediente relativo á “*Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Pontearreas, para levar a cabo parte da actuación 2 “Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos.”, do “Plan de sostenibilidade turística en destino Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos”, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – Nextgenerationeu (Expte.2024018691)*”

4.34137.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MARÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 1203 O CAMPO-PARDAVILA (CONCELLO DE MARÍN)”. (Expte. 2023058766)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-1203.As obras a executar suporán traballos de pavimentación, urbanización, creación de itinerarios peonís e ciclabéis, reposición de servizos, etc, en definitiva acondicionamento e mellora de espazos públicos con obxecto de contribuír a unha mobilidade segura e sostible.



Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na Ep-1203 O Campo – Pardavila. Concello de Marín*”, no termo municipal de Marín.

A estrada EP-1203 sobre a que se prevé a actuación consiste nunha zona con ancho variable de aproximadamente 5 metros, que conecta las estradas provincial EP-1202 e a estrada autonómica PO-313, dando accesibilidade ao núcleo de Ruanova.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-1203 en toda a súa lonxitude. O itinerario consta de 1.048 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe esquerda da estrada, o acondicionamento de la EP-1203 a implantación de zonas de convivencia, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e de abastecemento, e a reposición de aqueles servicios afectados pola execución das obras.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	982.351,56 €
IVE 21%	206.293,83 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.188.645,39 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificación da aprobación do Convenio polo Concello (CSV: 07E80014635400W5K0T2C0R8B0).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

O convenio foi rexistrado na plataforma Cividas (Cod. nº 2024000114).

Existe proxecto supervisado pola Xefatura de Servizos Técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (Proxecto CSV: 9TV7WXT8SU4LW4C3) e informe de supervisión (CSV: S7EBFWE4GMEODE5N).

Constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 05/04/2024 co (CSV: GN0WPJJBVBCM7XCT4).

Así mesmo forman parte do expediente informe favorable de Secretaría (CSV: 5WXG6J0J9PSOK8ZW) e de Intervención de fiscalización previa (CSV: XPHTA2QM27L3LU).



Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.



- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Marín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	832.051,77 €	70
Concello de Marín	356.593,62 €	30
Total obras	1.188.645,39 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello, por importe de 356.593,62 €, financiarase con cargo a unha subvención do Plan Máis Provincia 2024 (Liña 1) (Expediente 2024020954), concedida mediante acordo de Xunta de Goberno nº4.33656 do 19 de abril de 2024.

Por dita achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerarase crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo *Concello de Marín*:

Organismo	Achega	%
Concello de Marín	44.346,86 €	100
Total expropiacións	44.346,86 €	100



A achega do *Concello de Marín* total do Concello será de 400.940,48 € (30% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións).

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non tratarse de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.



O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MARÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 1203 O CAMPO-PARDAVILA. CONCELLO DE MARÍN”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

María Pilar Ramallo Vázquez, alcaldesa do Concello de Marín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.



MANIFESTAN

I.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1203 O Campo - Pardavila, que transcorre polo Concello de Marín e conta cunha lonxitude de 1.048 m.*

VI.- *A E.P. 1203 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade e unha liña de peches definida e uniforme, sen beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.*

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1203 O CAMPO – PARDAVILA. CONCELLO DE MARÍN " coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Marín, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil en toda a lonxitude da estrada provincial EP-1203.



O itinerario consta de 1.048 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe esquerda da estrada, e a implantación de zonas de convivencia onde non é posible acadar ese largo mínimo. A maiores, tamén se contempla a mellora dos sistemas de drenaxe de augas pluviais e de abastecemento, así como a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a execución do proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na EP-1203 O Campo – Pardavila. Concello de Marín".

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-1203 en toda a súa lonxitude. O itinerario consta de 1.048 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe esquerda da estrada, a implantación de zonas de convivencia, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e de abastecemento, e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a novecentos oitenta e dous mil trescentos cincuenta e un euros con cincuenta e seis céntimos (982.351,56 €), máis douscentos seis mil douscentos noventa e tres euros con oitenta e tres céntimos (206.293,83€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón cento oitenta e oito mil seis centos corenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (1.188.645,39 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Marín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	832.051,77 €	70
Concello de Marín	356.593,62 €	30
Total obras	1.188.645,39 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Marín:

Organismo	Achega	%
Concello de Marín	44.346,86 €	100
Total expropiacións	44.346,86 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Marín será de 400.940,48 € (30% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións). pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Marín.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Marín obrígase a:

- 1) *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) *Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - *Estrada provincial E.P. 1203 O Campo - Pardavila.*
- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 desta cláusula.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 6) *Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP-1203 O Campo – Pardavila. Concello de Marín”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Marín faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez,*

*Polo Concello de Marín,
María Pilar Ramallo Vázquez,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*



Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

5.34138.- APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO PRESENTADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2024 DO PROGRAMA ERASMUS+.(Expte. 2023073909)

Retírase da orde do día o expediente relativo a “*Aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2024 do Programa Erasmus+.*”(Expte. 2023073909)”

6.34139.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA COMBUSTIBLE EN FORMA DE PELLETS DE MADEIRA PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA INSTALADA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”. (Expte.2022070543)

Na sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato que rexe a subministración de biomasa combustibile en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe á empresa COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (B86253374) polos valores seguintes:

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 316,00 €

IVE (21%): 66,36 €

Importe total ofertado: 382,36 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 21 de novembro do 2023, sendo o prazo de duración dun ano dende a data de formalización do contrato, e establecéndose a posibilidade dunha prórroga dunha anualidade de duración.

Con data 04 de xullo de 2024, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, coa conformidade da deputada delegada, emite informe (CSV: ZL6QZ7VFKPFOKK3O), no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 21 de novembro do 2024 ata o 20 de novembro do 2025.



Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 4 de xullo de 2024 (data de comparecencia: 04/07/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 22 de xullo do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten das subministracións que se realicen ao abeiro da prórroga do contrato de “Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe”.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 06 de agosto do 2024 (CSV: MDQRQC48ZAL4XE7C), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe por un ano, desde o 21 de novembro do 2024 ata o 20 de novembro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 21 de novembro do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato para a “*Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe*” subscrito coa empresa COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (B86253374), durante o período do 21 de novembro do 2024 ata o 20 de novembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2024 (1 mes e 10 días)	24/232.2312.221.03 (vinculación)	19.118,00 €
2025 (10 meses e 20 días)	25/232.2312.221.03	152.944,00 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

Sen embargo, as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria.

7.34140.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO, SUXETTO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA «LE CER EN FAMILIA 2024»” (Expte.2024028041)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, ten como competencia propia cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Esta institución, a través do servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa, procurándose o reforzo do principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, dándolle un especial apoio e protección.

Neste senso, a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, pon en marcha este novo programa que promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

A execución do programa require de dotación de persoal especializado e actividades de planificación, o que xustifica a necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a súa xestión e desenvolvemento, por carecer esta institución dos medios materiais e humanos requiridos.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2024”” (Expte. 2024028041).



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 8 de agosto de 2024, observa que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que propón ao órgano de contratación que declare deserto o expediente número 2024028041 por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

Considerando.- Que de conformidade co disposto no segundo parágrafo do artigo 150.3 LCSP, o órgano de contratación declarará deserto o procedemento cando non existan ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios que figuren no prego.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar deserto o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa «Lecer en familia 2024»*” (Expte.2024028041), por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

8.34141.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2022 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (Expte.2023075150)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, adoptou, entre outros, o acordo (nº 31.33723) de adxudicar o contrato de “*Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*” a empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (B-15467962) polos prezos e valores ofertados.

O contrato formalizouse o 24/05/2024

A cláusula II do contrato establece que “*O prazo de execución é de 3 meses, contados a partir da data de formalización do contrato. Dito prazo finaliza o día 23/08/2024.*”



Con data 9 de agosto de 2024 a empresa contratista solicita mediante rexistro WEB2024051334 a ampliación do prazo de execución do citado contrato.

O artigo 195 da LCSP establece en relación coa resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederá dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedira outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

Visto o informe emitido con data 09/08/2024 pola responsable do contrato que informa que “Tendo en conta o prazo do contrato e que o subministro de un dos contedores estase a demorar polas circunstancias antes formuladas pola empresa, e ante a aprobación da correspondente prórroga polo citado Ministerio que permite executar sen maior incidencia o contrato de referencia, propónse ampliar o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2024 polas circunstancias antes comentadas non sendo imputables á empresa contratista.”

Visto así mesmo o informe conxunto do Servizo de contratación, da Secretaría e da Intervención de data 12/08/2024 que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución ata o 30 de setembro de 2024.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato de “*Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*” suscrito coa empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (B-1546796) ata o 30 de setembro de 2024.



9.34142.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “LE CER EN FAMILIA 2024”. (Expte. 2024053612)

Resultando.- Que dende o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida, participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, dándolle un especial apoio e protección.

Neste senso, a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, pon en marcha este novo programa que promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Resultando.- Que a execución do programa require de dotación de persoal especializado, que xustifica a necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a súa xestión e desenvolvemento, por carecer esta institución dos medios materiais e humanos requiridos no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).



Resultando.- Que con data 03 de maio de 2024, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aprobou as bases reguladoras do programa “Lecer en familia 2024” destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, tramitándose o expediente 2024028041, para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución de dito programa.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024, aproba o expediente, sendo enviado o anuncio de licitación á Oficina de publicacións da Unión Europea con data 01 de xullo de 2024, concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas, resultando o procedemento deserto ao non existir ningunha oferta presentada en dito prazo.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 13/08/2024 e CSV: 8SACAJUMPR9RLEML, a xefa do servizo de Benestar Social, emite informe no que, co visto e prace da deputada, propón a contratación, mediante tramitación de urxencia, da xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2024”, de estadías dunha noite de fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra de mínimo de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión, para un máximo de 2.957 prazas, destinado ás persoas que cumpran os requisitos especificados no prego técnico. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación (CSV: GO0HVUIHCN6LVOZV).

Na referenciada providencia xustifica o cumprimento dos requisitos contemplados no artigo 119 LCSP para a súa tramitación urxente na declaración do procedemento anterior como deserto (expediente 2024028041), contemplado como punto do orde do día desta sesión, ao non existir ningunha oferta presentada en prazo, a pesares de existir empresas interesadas na licitación, manifestando atoparse con dificultades polas condicións esixidas nos pregos. Asemade, sinala que existen prazos que, de non cumprirse poderían xerar consecuencias negativas significativas, tanto en termos económicos coma na calidade de vida da cidadanía á que vai dirixida o programa.

Resultando.- Que visto que con data 14/08/2024, a Intervención emite o documento RC nº 202400180750, por importe de 179.143,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 14/08/2024 e CSV: WMRUY60Q1J66FSIQ e as observacións contidas no mesmo.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 14/08/2024 e CSV: 68JY7IE5NXQ6Y2QI, coas seguintes observacións e recomendacións:

“As bases reguladoras do servizo foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 3/05/2024. Considerando que a contratación proposta introduce cambios respecto ao procedemento declarado deserto, as bases reguladoras deben adaptarse. En todo caso, constan no expediente o PPT que determina o alcance das prestacións e as características principais do programa. As modificación das bases debe realizarse de xeito acorde con ditas prescricións, debendo aprobarse con anterioridade á adxudicación do servizo.

Asemade, con carácter previo ou simultáneo a Xunta de Goberno deberá declarar deserto o procedemento aberto tramitado no seu día (Expte. N.º. 2024028041).”

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 14/08/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encadrado no tipo previsto no artigo 312 LCSP, regulador dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía.

O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das novas bases reguladoras do programa “*Lecer en familia 2024*”, atopándose condicionada a adxudicación do contrato a súa previa aprobación. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que segundo o disposto no artigo 312 da LCSP, onde se regulan as especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía, que determina, entre outros aspectos, a necesidade de establecer o réxime xurídico regulador do servizo.

Considerando.- Que de conformidade co disposto no apartado primeiro do artigo 119 LCSP, poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.

Considerando.- Que tendo en conta o recollido no apartado 2.b do artigo 156 LCSP, cando o prazo xeral de presentación de proposicións sexa impracticable por tratarse dunha situación de urxencia nos termos descritos no artigo 119, o órgano de contratación poderá fixar outro prazo que non será inferior a 15 días contados dende a data de envío do anuncio de licitación.



Considerando-. Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando-. Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da *“Xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en Familia 2024”*, polos motivos expostos no informe de servizo de Benestar Social (CSV: 8SACAJUMPR9RLEML).

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada por tramitación urxente, da *“Xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en Familia 2024”*, cun orzamento máximo de licitación unitario de 94,47 €/praza.

O orzamento base de licitación, considerando o importe do copagamento correspondente aos usuarios, ascende á cantidade de 279.347,79€ para un máximo de 2.957 prazas.

O orzamento base de licitación que financia a Deputación Provincial é de 179.143,50 €.



Deste xeito, o programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- Por un importe máximo de 174.420,00 €, 2.907 prazas de réxime xeral con:
 - 60 € do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos
 - 30 € do custo total da praza para as persoas de 3 a 12 anos
 - e o 100% do custo total da praza no caso dos menores de 3 anos
- Por un importe máximo de 4.723,50 €, 50 prazas de réxime especial polo custo total da praza.

O prazo de duración será de 8 meses, contados dende a data de formalización do contrato. O prazo de execución será de 4 meses, estimándose a execución do programa entre o cuarto trimestre do ano 2024 e o primeiro trimestre do 2025.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e adxudicadas as prazas, a previsión estimada de inicio do programa será nos meses de tempada baixa, no período arriba referenciado. Asemade, contéplase a posibilidade dunha prórroga dun ano.

O valor estimado é de 670.434,70 € €.

A adxudicación do contrato quedará condicionada á aprobación das novas bases reguladoras do programa LECER EN FAMILIA 2024, constitutivas do réxime xurídico regulador das prestacións a favor dos usuarios beneficiarios.

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: S3OZ7Y6QS7O5SE9N) e de prescricións técnicas (CSV: GO0HVUIHCN6LVOZV) que rexerán dita contratación.

4.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 179.143,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

5.- Nomear responsable do contrato a Sandra Vázquez Vázquez, xefa do servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



10.34143.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO “PATROCINIO PUBLICITARIO, POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DA SAÍDA E CHEGADA DA ETAPA 10ª DA VOLTA CICLISTA 2024” (Expte.2024035051)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da Volta Ciclista 2024 (Nº expte. 2024035051).

No mesmo acordo, acordouse invitar á empresa Unipublic, S.A. (CIF A28406775) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de licitación electrónica (VORTAL) que se produce o día 23/07/24.

En data 31/07/24 a empresa Unipublic, S.A. (CIF A28406775) presenta oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	115.702,48 €
IVE (21%)	24.297,52 €
Importe ofertado con IVE	140.000,00 €

A continuación, procédese á valoración da oferta presentada, de conformidade cos criterios de valoración automática establecidos nos pregos reguladores do procedemento, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado sen IVE	Puntuación
Unipublic, S.A (CIF A28406775)	115.702,48 €	0,000 puntos

Por Resolución Presidencial nº 2024006476 de data 05/08/2024 requírese á citada empresa para que no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa da solvencia económica, técnica e a garantía definitiva.

A empresa Unipublic, S.A (CIF A28406775), presentou a documentación requirida a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra con data 12/08/24 (REX_WEB2024051694) e constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 5.785,12 €, segundo consta en transferencia realizada con data 12/08/2024.



Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar á empresa Unipublic, S.A (CIF A28406775) o contrato do “Patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da Volta Ciclista 2024” polos seguintes prezos ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	115.702,48 €
IVE (21%)	24.297,52 €
Importe ofertado con IVE	140.000,00 €

O prazo de duración do contrato será de 4 meses, a contar desde a formalización do contrato e, en todo caso, ata o 8 de setembro de 2024.

Así mesmo, o prazo de duración da execución do patrocinio da etapa nº 10 corresponderá co día de celebración da mesma, o 27 de agosto de 2024.

Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total co IVE
2024	24/433.4320.226.23	140.000,00 €
	TOTAL	140.000,00 €

Forma de pagamento: Total

Fitos de facturación:

A Deputación realizará o pagamento á empresa contratista, previa recepción da factura correspondente, á finalización do contrato, previa conformidade outorgada polo Servizo de Turismo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.: 2024035051	
Órgano xestor: LA006122	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra

11.34144.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 02-08-2024 (Nº8.34104), RELATIVO Á “DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DO CONTRATO DERIVADO DE SEGURIDADE E SAÚDE LOTE 1. ZONA A, NAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (LOTE 1)”.
(Expte2024041179)

Visto o erro padecido no acordo número 8.34104 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 02/08/2024 relativo á devolución da garantía definitiva do Contrato derivado de seguridade e saúde Lote 1. Zona A, nas “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. (Lote 1)”.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico pola entidade Técnica y Proyectos, S.A. (A28171288), por importe de 250,18 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 29/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100141211.

DEBE DICIR:

(...)

Segundo.- Proceder a la devolución de la garantía definitiva constituída por la empresa Técnica y Proyectos, S.A. (A28171288), mediante aval emitido pola entidade ASEFA, S.A SEGUROS Y REASEGUROS (A08171605), por importe de 250,18 €. Certificado de seguro de caución núm. 62286/03/41/2021/2585. (...).



12.34145.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2024053224, que contén 7 facturas e por un importe de 12.341,61€ e con CSV: FS1LYS2JK3NQZYZP, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 06/08/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	12.309,45 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	32,16 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	12.341,61 €

b) vista a relación de facturas con número 2024053228, que contén 2 facturas e por un importe de 200,96€, e con CSV: E4I00OCRZ54Q48Z3, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 06/08/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	200,96 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	200,96 €



13.34146.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2024053223, que contén 2 facturas e por un importe de 2.995,40 € e con CSV: 35I6HOGWNW8MKEAL, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 06/08/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	2.995,40 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	2.995,40 €

14.34147.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

15.34148.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

16.34149.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

